

FÍSICA 2º BACHARELATO:

A palabra “física” vén do grego *physis*, a cal se pode traducir como “natureza”. É así entón que a materia de Física de 2º de bacharelato obséquianos cunha visión xeral, mais moi fonda e rigorosa, de fenómenos da natureza que levamos observando dende que nacemos, pero que dificilmente sabemos explicar. Deste xeito, a Física convértese na ferramenta científica de calquera persoa con aspiracións filosóficas que lle leven a facerse preguntas acerca do funcionamento do mundo que nos rodea.

O curso divídese en catro bloques de contidos:

- Bloque I: campo gravitatorio.
- Bloque II: campo electromagnético.
- Bloque III: vibracións e ondas.
- Bloque IV: Física moderna.

No **bloque I** estudaremos como a materia, simplemente por ter masa, atráese entre si; co cal explicaremos tanto o peso dos obxectos no planeta Terra, como o movemento orbital de satélites e planetas, así como as teorías sobre a formación e o devir do Universo.

No **bloque II** estudaremos a interacción que sofren todas as partículas que teñen carga eléctrica, e que se traduce na creación dun campo eléctrico e magnético ao seu redor.

O **bloque III** céntrase no estudo da propagación de enerxía ao longo do espacio: as ondas. Faremos especial fincapé nas ondas sonoras, e afondaremos tamén no estudo da Óptica, a cal se centra nun fenómeno electromagnético de especial interese e beleza nas nosas vidas: a luz.

O **bloque IV** pecha o curso cunha denominación un tanto enganosa, xa que esa parte “moderna” da Física xa cumpriu ao redor dun século... Falamos de eidos da Física que levaron a máis dun a quedarse “enganchado” a documentais, ou aos modernos *podcast* que invaden as redes hoxe en día... falamos digo da Teoría da Relatividade de Einstein, da Física Cuántica e da Física Nuclear e de Partículas.

Como acabo de describir, a Física de 2º de bacharelato fornece ao alumnado con coñecementos de certo afondamento científico da denominada **Física Xeral**, tanto a Clásica como a Moderna; e que volverán a terse estudado, con algo máis de profundidade, nos primeiros cursos de todos os graos universitarios das ramas de Ciencias Puras ou da Saúde. Deste xeito, recomendamos cursar esta materia para todos aqueles que teñan intención de proseguir os seus estudos neste sentido.